



ESTATUTOS DO SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISI3NS LABREGAS

TÍTULO I

DENOMINACI3N, FINS, ÁMBITO TERRITORIAL E PROFESIONAL

Artigo 1º.-

O SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISI3NS LABREGAS, denominarase tam3n polas siglas SLG - CC.LL. Coa fin de simplificar a nivel p3blico o emprego do nome, utilizarase a f3rmula SINDICATO LABREGO GALEGO, en siglas SLG.

O SLG 3 un sindicato de base, nacionalista, democr3tico, progresista e independente, que defende un desenvolvemento end3xeno e sost3bel do medio rural galego.

O SLG 3 unha organizaci3n sen 3nimo de lucro constitu3da ao abeiro da Lei 19/77, de 1 de abril, que regula o dereito de asociaci3n sindical e que se rexe por esta Lei, polas disposici3ns que a desenvolven, polas demais disposici3ns que lle sexan de aplicaci3n e polos presentes estatutos.

O SLG ten os seguintes principios b3sicos de actuaci3n:

- 1.- A defensa dos intereses sociais, econ3micos, profesionais e culturais dos labregos e labregas galegas e, por extensi3n, de toda a sociedade rural galega.
- 2.- A democracia como mecanismo de funcionamento interno.
- 3.- A independencia e soberan3a propia na toma de decisi3ns.
- 4.- A solidariedade con t3dolos labregos e labregas e traballadores e traballadoras de Galiza e do mundo.
- 5.- A auto organizaci3n end3xena dos labregos e labregas a todos os niveis.

Artigo 2º.-

O SLG ten como fins:

- 1.- Acadar o desenvolvemento profesional, cultural e econ3mico dos labregos e labregas galegos/as en xeral, e dos seus asociados e asociadas en particular.
- 2.- “Acadar un modelo agrario baseado na soberan3a alimentaria, entendida esta como o dereito dos pobos, estados ou grupos de estados a decidir a s3a propia pol3tica agr3cola e alimentaria, sen dumping. Un modelo cunhas pr3cticas agron3micas sost3beis, baseado na casa de labranza galega”.
- 3.- Acadar a valorizaci3n do medio rural tendo en conta os principais activos cos que conta: as persoas e os recursos naturais.
- 4.- Acadar a igualdade real de homes e mulleres as3 como a titularidade compartida nas explotacións agr3colas.
- 5.- Actuar como entidade prestadora de servizos sociais desenvolvendo as actuaci3ns necesarias de cara a conquistar os obxectivos establecidos na normativa aplicable.

Artigo 3º.-

Para acadar os fins referidos no apartado anterior compétenlle ao SLG as seguintes funcións:

- 1.- Defender os intereses dos seus asociados e asociadas e dos labregos e labregas galegas en tódolos aspectos da actividade profesional agraria.
- 2.- Intervir no desenvolvemento profesional, cultural e de nivel de vida dos seus afiliados e afiliadas.
- 3.- Promover a constitución de mutuas, asociacións permanentes ou transitorias; e mesmo participar na creación de empresas, publicas ou privadas, para a defensa dos intereses económicos dos seus afiliados e afiliadas.
- 4.- En xeral, tódalas necesarias para acadar os fins referidos no artigo anterior.

Artigo 4º.-

O SLG ten como ámbito territorial de actuación a Nación Galega.

Artigo 5º.-

O SLG ten como única lingua a galega, asumindo o compromiso de contribuír a que sexa a lingua de todos os galegos e galegas.

Artigo 6º.-

O SLG ten como ámbito profesional a defensa do medio de vida dos labregos e das labregas, baseado na casa de labranza galega.

Artigo 7º.-

O SLG constitúese por tempo indefinido.

Artigo 8º.-

Da sede social do SLG.

- 1.- O SLG establece a súa sede central en Santiago de Compostela, na Rúa de Ofelia Nieto, nº 13-23, baixo – Meixonfrío.
- 2.- O cambio de domicilio da sede central dentro da propia comarca de Compostela non requirirá modificación estatutaria algunha.
- 3.- Facultase á Dirección Nacional para establecer os domicilios sociais que estime oportunos.

TÍTULO II

AFILIADOS/AS, SIMPATIZANTES E COLABORADORES/AS

CAPÍTULO 1º.- Dos afiliados e afiliadas. Dereitos e Deberes.

Artigo 9º.-

Da condición de afiliado/a.

1.- Poderán ser afiliados/as do sindicato aqueles agricultores e agricultoras; gandeiros e gandeiras; ou silvicultores e silvicultoras, que co seu traballo directo e persoal, xa como titulares, como axuda, xa como cooperativistas ou socios/as de calquera forma asociativa, traballen terras propias ou alleas, destinadas á produción agrícola, gandeira, hortofructícola ou forestal. Tamén poderán acadar tal condición aquelas persoas que teñan explotacións de gandería sen terra, sempre e cando as traballen elas directamente e/ou outros/as membros da familia.

Tamén poderán ter a condición de afiliados/as aquelas persoas xubiladas do réxime agrario

1 bis.- Poderán ser afiliadas do sindicato as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC), na súa condición de propietarias e xestoras dos Montes Veciñais en Man Común (MVMC). A afiliación da CMVMC non supón a condición de afiliados/as dos comuneiros e comuneiras do MVMC. A afiliación de un ou varios comuneiros ou comuneiras do MVMC non supón a condición de afiliada da CMVMC polo mero feito desta afiliación da/s persoa/s.

2.- Teñen a condición de afiliadas, todas as persoas da mesma familia que traballen no mesmo proxecto produtivo, se así o consideran e se dan de alta na base de datos de afiliados/as do SLG. A cota será única por proxecto produtivo

3.- Tamén poderán ser afiliados/as do SLG os/as agricultores/as a tempo parcial e os/as que por necesidade empreguen asalariados/as na súa granxa sen que por iso deixen eles/as de traballar directamente nela.

4.- Salvo por causa de forza maior, a man de obra asalariada non poderá superar o 50% da man de obra familiar ou asimilada de emprego directo dos/as titulares e/ou axudas da granxa. Isto exclúe aos/ás absentistas que non traballen directamente a súa granxa.

5.- Só poderán acadar a condición de afiliados/as os/as maiores de 16 anos.

6.- Non poderá negárselle a afiliación a ningunha persoa ou grupo por razóns de sexo, relixión, ideoloxía, raza ou nacionalidade.

Artigo 10º.-

1.- O ingreso no SLG será voluntario e, como norma xeral, individual. A recepción do ingreso tramitaráa o/a Coordinador/a Comarcal.

2.- No caso de afiliación colectiva dun grupo organizado, deberá resolver a Dirección Nacional ou organismo en quen esta delegue. En calquera caso, as altas na afiliación serán sempre de persoas físicas na súa condición de titulares ou membros de proxectos produtivos. Agás para o caso das CMVMC, que están reguladas no artigo 9º.

Artigo 11º.-

Son dereitos dos/as afiliados/as:

- 1.- Elixir e ser elixido/a para os cargos de dirección, representación e administración de que está dotado o SLG.
- 2.- Tomar parte activa na vida interna da organización, con voz e voto, nas asembleas, organismos e Congreso do SLG.
- 3.- Propoñer e recusar aos compañeiros/as elixidos/as en organismos de dirección local, comarcal e nacional, de acordo coas normas emanadas destes estatutos ou dos acordos da Dirección Nacional.
- 4.- Recibir información da actividade do sindicato a través dos boletíns da organización ou de calquera outro medio habitualmente utilizado.
- 5.- Usar os servizos que presta o SLG, sempre que se estea ao corrente do pago das cotas e de acordo ás normas que dite a Dirección Nacional ou organismo en quen delegue.
- 6.- Coñecer a situación económica e organizativa do SLG, incluíndo a inspección de acordo as normas que estableza a D.N.
- 7.- As que resulten do disposto nestes estatutos ou dos acordos validamente adoptados pola Dirección Nacional.

Artigo 12º.-

Son deberes dos/as afiliados/as:

- 1.- Cumprir os estatutos e colaborar en acadar os fins aos que se refire o artigo 2 dos estatutos, segundo as súas posibilidades e baixo a dirección dos órganos de representación do SLG.
- 2.- Non contravir os acordos lexitimamente adoptados polos órganos de representación sindical.
- 3.- Estar ao día no pago de cotizacións.
- 4.- Asistir ás reunións de asembleas ou organismos do sindicato para os que resultara elixido/a.
- 5.- Os demais que resulten do disposto nestes estatutos ou de acordos validamente adoptados pola Dirección Nacional.

Artigo 13º.-

Perderase a condición de afiliado/a por:

- 1.- Exclusión voluntaria comunicada ao/á Coordinador/a Comarcal.
- 2.- Perda da condición de labrego/a, nos termos do establecido no artigo 9 dos presentes

estatutos.

3.- Por non cumprir co deber de pago das cotizacións.

4.- Por expulsión motivada por contravir gravemente os presentes estatutos e/ou os acordos lexitimamente adoptados polos órganos de representación do SLG.

A perda da condición de afiliado/a non dará dereito á devolución ou indemnización de ningunha caste polo SLG.

Artigo 14º.-

Os/as afiliados/as que a xuízo dalgún organismo do SLG non cumpran as obrigacións establecidas no artigo 12, poderán ser apercibidos por escrito. No caso de non modificar o seu comportamento poderán ser suspendidos temporalmente dos seus dereitos e cargos polo organismo inmediatamente superior ao órgano do que formen parte. De persistir na súa actitude será expulsado/a polo organismo que tomou o acordo de suspensión. A expulsión poderá ser recorrida ante a Dirección Nacional. O acordo da Dirección Nacional é inapelable.

Artigo 15º.-

A non satisfacción de cotas correspondentes a doce meses consecutivos, sen razón xustificada, é motivo de expulsión automática.

CAPITULO 2º.- Dos/as Simpatizantes e Colaboradores/as.

Artigo 16º.-

Da condición de Simpatizante.

1.- Son simpatizantes do SLG aquelas persoas que, non sendo afiliados/as, comparten a liña sindical da organización.

2.- Os/as simpatizantes teñen dereito a recibir todas as publicacións que edite a organización.

3.- Os/as simpatizantes teñen a obrigaón de facer a achega económica que acorde a Dirección Nacional.

Artigo 17º.-

Da condición de Colaborador/a.

1.- Son colaboradores/as aquelas persoas que non sendo afiliados/as do SLG, veñen mantendo unha relación de cooperación e colaboración solidaria co SLG.

2.- Os/as colaboradores/as poderán organizarse nos Comités de Apoio aos/as Labregos/as (CAL). Os CAL funcionarán en todo momento baixo a dirección e coordinación da Executiva Nacional do SLG ou organismo en quen delegue. O seu réxime de funcionamento e actuación será acordado pola Dirección Nacional. En todo caso poderán asistir á reunión de organismos do SLG cando foran convocados/as a tal efecto, con voz pero sen voto.

TÍTULO III ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN, GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 18º.-

O SLG organízase a nivel territorial; a nivel horizontal e sectorial; e a nivel nacional. **CAPÍTULO**

1º.- Dos órganos territoriais.

Artigo 19.-

O SLG, a nivel territorial, organízase a nivel local e comarcal, sendo os seus órganos os seguintes:

1.- A nivel comarcal: - Asemblea Comarcal (AC) - Consello Comarcal (CC)

Sección 1ª.- Dos Órganos Comarcais.

Artigo 20º.-

Da Asemblea Comarcal (AC).

O SLG organízase en zonas que poden estar constituídas por unha ou máis comarcas, segundo criterios de operatividade sindical. A DN establecerá os criterios par a constitución das Asembleas Comarcais. As diferentes comarcas en que hoxe se divide o SLG poderán unirse entre si formando unha nova comarca sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Que sexan limítrofes.
- 2.- Que entre as comarcas que se unan, reúnan o número mínimo de afiliados/as para constituírse en Comarca.
- 3.- Que a unión sexa proposta polo CC ou pola DN.
- 4.- Que exista acordo dos Consellos Comarcais que se fusionan.
- 5.- Que o acordo sexa referendado pola DN do SLG.

Artigo 21º.-

Das funcións da Asemblea Comarcal (AC).

A Asemblea Comarcal é o órgano de decisión soberana a nivel comarcal. Está formada por todos/as os/as afiliados/as da comarca. Ten as seguintes funcións:

- 1.- Elección do Consello Comarcal.
- 2.- Aprobar ou ratificar o programa de actuación na comarca.
- 3.- Aprobar ou ratificar a liquidación de contas e orzamento da comarca.
- 4.- Aprobar a constitución da Executiva Comarcal.
- 5.- Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas pola D.N. conforme aos presentes estatutos.

Artigo 22º.-

Das Xuntanzas da Asemblea Comarcal.

- 1.- A AC reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano, e en sesión extraordinaria cando así o acorde o CC, a DN ou a EN. A convocatoria será feita polo/a Coordinador/a Comarcal en nome do

CC e farase con un mínimo de tres días de antelación.

2.- Reunirase en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados/as máis da metade dos afiliados da comarca; e en segunda convocatoria, media hora despois, sexa cal for o número dos/das presentes.

Artigo 23º.-

Do Consello Comarcal.

1.- A constitución dun consello comarcal requirirá que se cumpran as seguintes condicións:

a) Ter o número mínimo de afiliados/as que esixa a DN para constituírse en comarca. b) Que o aprobe a maioría absoluta dos/as afiliados/as da comarca que se pretenda constituír, convocados a unha asemblea extraordinaria a tal efecto na que se deberá elixir aos/ás representantes que lle corresponda para a Dirección Nacional. c) Que o acordo sexa referendado pola DN. 2.-

O CC terá coma función representar e dirixir o sindicato a nivel comarcal, executando os acordos emanados de órganos superiores e as decisións das asembleas comarcais no que lles corresponda. Correspóndenlle, en concreto, as seguintes funcións:

- a) Levar adiante as directrices aprobadas pola DN ou a EN.
- b) Propoñer a fusión ou disolución dunha comarca nos termos do artigo 25.
- c) Administrar o patrimonio e as finanzas do sindicato na comarca.
- d) Convocar e presidir as reunións da Asemblea Comarcal de afiliados/as.
- e) Propoñer, organizar, orientar e fiscalizar os servizos e actividade sindical e reivindicativa no ámbito comarcal.
- f) Propoñer á DN o nomeamento do/a Coordinador/a Comarcal.

Artigo 24º.-

Da composición do Consello Comarcal.

1.- O CC estará formado polos/as representantes elixidos/as polas AL e os/as representantes comarcais dos sectores constituídos a este nivel. Os Membros da DN son membros natos do CC da comarca na que estean integrados/as.

2.- O Consello Comarcal estará constituído por un número par de membros, sendo paritario en canto ao número de homes e mulleres. Os postos do CC que correspondan a cada un dos xéneros e non sexan ocupados, ficarán vacantes ate que poidan ser asignados.

3.- O número de representantes a elixir para o CC estará en función do número de afiliados/as que cotizan de cada parroquia ou sector, nos termos establecidos pola DN ao respecto.

Artigo 25º.-

Das xuntanzas do Consello Comarcal.

- 1.- O CC reunirase como mínimo unha vez ao ano en sesión ordinaria, e cantas veces sexa preciso en sesión extraordinaria.
- 2.- As reunións do CC, ordinarias ou extraordinarias, serán convocadas cunha antelación mínima de 48 horas. En primeira convocatoria deberán estar presentes, alomenos, a metade máis un dos/das seus/súas membros; e en segunda convocatoria, media hora despois, sexa cal for o número dos/das presentes.
- 3.- Os acordos adoptaranse por maioría dos/as presentes na reunión.

Artigo 26º.-

Calquera reivindicación ou campaña que se pretenda realizar a nivel comarcal, ben como proposta da AC, ben como proposta do CC, deberá ser comunicada á DN.

Artigo 27º.-

Da elección do/a Coordinador/a Comarcal.

- 1.- O Consello comarcal elixirá un Coordinador/a Comarcal que actuará como portavoz do mesmo.
- 2.- O/a Coordinador/a Comarcal deberá ser ratificado pola DN.

Artigo 28º.-

Das funcións do/a Coordinador/a Comarcal.

- 1.- Apoiar técnica e humanamente ao Consello Comarcal.
- 2.- Representar ao CC.
- 3.- Abrir e/ou pechar contas bancarias, así como contratar o aluguer e/ou mercar medios técnicos (móbles ou inmobles), sempre que haxa consentimento previo e/ou aprobación mediante acta dun órgano superior (Consello Comarcal, Dirección Nacional, Executiva Nacional ou Secretario/a Xeral).
- 4.- Levar a contabilidade da comarca e presentarlle puntualmente ao Consello Comarcal nas reunións ordinarias e aos órganos nacionais nos prazos establecidos.
- 5.- Facer reunións públicas, cando menos no ámbito da comarca onde se traballe, de cara a dar a coñecer a liña do Sindicato entre todos/as os/as labregos/as, co fin de estender a area do Sindicato.
- 6.- Distribuír as funcións dos traballadores e das traballadoras do SLG na comarca.
- 7.- Cantas outras lle sexan atribuídas polo Consello Comarcal para o bo funcionamento do SLG na comarca.

CAPÍTULO 2º.- Dos órganos Transversais e Sectoriais.

Sección 1ª.- Da Secretaría das Mulleres.

Artigo 29º.-

O Sindicato Labrego Galego ten constituída a Secretaría das Mulleres como un órgano que atende todos os temas relacionados coa problemática das mulleres labregas e 6 que as organiza para mellor defender os intereses sociais, económicos e profesionais das labregas galegas. A Responsábel da Secretaría das Mulleres, formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG.

Artigo 30º.-

Funcións da Secretaría das Mulleres:

- 1.- Escoller á Responsábel da Secretaría das Mulleres que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG. Tamén escollerá á persoa que ostente a condición de vicesponsable no mesmo órgano da persoa indicada, e que formará parte de pleno dereito da DN.
- 2.- Deseñar o traballo do SLG en relación coa problemática específica das mulleres labregas.
- 3.- Promover todas as iniciativas e reivindicacións necesarias en defensa dos dereitos das mulleres labregas.

Sección 2ª.- Da Secretaría da Mocidade.

Artigo 31º.-

O SLG poderá crear a Secretaría da Mocidade, como unha organización que atenda todos os temas relacionados coa problemática da mocidade labrega, que organice aos mozos labregos e mozas labregas para mellor defender os intereses sociais, económicos, profesionais e culturais da mocidade labrega. Considerarase validamente constituída a Secretaría da Mocidade se cumpre os seguintes requisitos:

- 1.- Ter celebrado a súa asemblea constituínte.
- 2.- Ter elixido os seus cargos de representación nos organismos nacionais do SLG.
- 3.- Ter aprobado o seu propio regulamento de funcionamento.
- 4.- Manter o funcionamento regular dos seus organismos.
- 5.- Aceptar os estatutos do SLG.
- 6.- Que a constitución sexa ratificada pola DN. Poden formar parte deste órgano aquelas persoas afiliadas con idade inferior a 40 anos. Entre as funcións da Secretaría da Mocidade estará a de escoller ao/á Responsábel da Secretaría da Mocidade, que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG.

Artigo 32º.-

Cando se cree, serán funcións da Secretaría da Mocidade:

- 1.- Escoller ó/á Responsábel da Secretaría da Mocidade que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG. Tamén escollerá á persoa que ostente a condición de vicesponsable no mesmo órgano da persoa indicada, e que formará parte de pleno dereito da DN.
- 2.- Deseñar o traballo do SLG en relación coa problemática específica das mozas e mozos labregos.
- 3.- Promover todas as iniciativas e reivindicacións necesarias en defensa dos dereitos da mocidade labrega. Sección 3ª.- Dos órganos sectoriais.

Sección 3ª. Da Secretaría das persoas xubiladas.

Artigo 33º.-

O SLG poderá crear a Secretaría das Persoas Xubiladas, como unha organización que atenda todos os temas relacionados coa problemática dos/as labregos/as xubilados/as, e que organice a estes/as para mellor defender os intereses sociais, económicos, profesionais e culturais dos/as labregos/as xubilados/as. Considerarase validamente constituída a Secretaría das Persoas Xubiladas se cumpre os seguintes requisitos:

- 1.- Ter celebrado a súa Asemblea constituínte.
- 2.- Ter elixido os seus cargos de representación nos órganos nacionais do SLG.
- 3.- Ter aprobado o seu propio regulamento de funcionamento.
- 4.- Manter o funcionamento regular dos seus organismos.
- 5.- Aceptar os estatutos do SLG.
- 6.- Que a constitución sexa ratificada pola D,N.

Poden formar parte deste órganos aquelas persoas afiliadas xubiladas do réxime agrario.

Entre as funcións da Secretaría das Persoas Xubiladas estará a de escoller ao/á Responsábel da Secretaría das Persoas Xubiladas, que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG.

Artigo 34.-

“Cando se cree, serán funcións da Secretaría das Persoas Xubiladas:

- 1.- Escoller ao/á Responsábel da Secretaría das Persoas Xubiladas, que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG. Tamén escollerá á persoa que ostente a condición de Vicesponsable do mesmo órgano da persoa indicada, e que formará parte de pleno dereito da D.N.
- 2.- Deseñar o traballo do SLG en relación coa problemática específicas das labregas e labregos xubiladas/os.

3.- Promover todas as iniciativas e reivindicacións necesarias en defensa dos dereitos das labregas/os xubiladas/os”.

Sección 4ª. Da Secretaría de Agroecoloxía e Soberanía Alimentaria.

Artigo 35.-

“ O SLG poderá crear a Secretaría de Agroecoloxía e Soberanía Alimentaria, como unha organización que atenda todos os temas relacionados coa problemáticas das labregas e labregos que practican a agroecoloxía, e que organice a estes/as para mellor defender os intereses sociais, económicos, profesionais e culturais das/os labregas/os agroecolóxicas/os. Considerarase validamente constituída a Secretaría de Agroecoloxía se cumpre os seguintes requisitos:

- 1.- Ter celebrado a súa Asemblea constituínte.
- 2.- Ter elixido os seus cargos de representación nos órganos nacionais do SLG.
- 3.- Ter aprobado o seu propio regulamento de funcionamento.
- 4.- Manter o funcionamento regular dos seus organismos.
- 5.- Aceptar os estatutos do SLG.
- 6.- Que a constitución sexa ratificada pola D,N.

Poden formar parte deste órgano aquelas persoas labregas que practiquen e defendan a agroecoloxía. Entre as funcións da Secretaría de Agroecoloxía estará a de escoller ao/á

Responsábel da Secretaría de Agroecoloxía, que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG”.

Artigo 36.-

“Cando se cree, serán funcións da Secretaría de Agroecoloxía e Soberanía Alimentaria:

- 1.- Escoller o/a Responsábel da Secretaría de Agroecoloxía, que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG. Tamén escollerá á persoa que oistente a condición de Vicerresponsábel no mesmo órgano da persoa indicada, e que formará parte de pleno dereito da D.N.
- 2.- Deseñar o traballo do SLG en relación coa problemática específica das labregas e labregos agroecolóxicas/os.
- 3.- Promover todas as iniciativas e reivindicacións necesarias en defensa dos dereitos das labregas/os agroecolóxicas/os”.

Sección 5ª. Dos órganos sectoriais.

Artigo 37.-

O Sindicato poderá estruturarse a nivel sectorial, sempre que así o esixa o interese dos/das

afiliados/as. Poderán constituírse SECTORES DE PRODUTORES/AS do mesmo sector ou que dependan dun mesmo sistema de produción. O Sindicato é a organización base nas comarcas. O SECTOR é a organización nacional que agrupa aos afiliados/as que teñen a mesma actividade produtiva ou sistema de produción, en función da afinidade e operatividade sindical.

Artigo 38º.-

Consideraranse validamente constituídas os Sectores que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Ter celebrado a súa asemblea constituínte.
- 2.- Ter elixido os seus cargos de representación nos organismos nacionais e territoriais do SLG.
- 3.- Manter un funcionamento regular dos seus organismos.
- 4.- Que a constitución sexa ratificada pola DN.

Artigo 39º.-

Os Sectores terán, como mínimo a seguinte estrutura:

- 1.- Asemblea de Sector, na que poderán participar todos/as os/as afiliados/as, ben directamente, ben a través de delegados/as electos/as nas Asembleas Comarcais de sector.
- 2.- Dirección de Sector, que será elixida de acordo aos criterios de representación acordados pola D.N. por número de afiliados/as nas distintas zonas ou comarcas. A Dirección de sector será paritaria en canto ao número de homes e mulleres que a compoñen. Os postos da Dirección de sector que correspondan a cada xénero e non sexan ocupados, ficarán vacantes ate que poidan ser asignados.
- 3.- Responsábel de Sector, que será membro de pleno dereito na DN do SLG. O/a Responsábel de Sector representará ao SECTOR en todas as iniciativas relacionadas co sector.
- 4.- Vicerresponsábel de Sector, que será membro de pleno dereito da DN. O/a Vicerresponsábel de Sector substituirá ao/á Responsábel de sector nas súas funcións cando este/a non poida cumprir por distintas circunstancias, co seu mandato.
- 5.- A Executiva Nacional do SLG porá a disposición da Dirección de Sector un/ha Coordinador/a que prestará apoio técnico e de coordinación, e poderá asistir ás reunións do sector e da DN, con voz pero sen voto.

Artigo 40º.-

Na actualidade o SLG ten constituídos os seguintes sectores:

- SECTOR DE produtores/as de leite.
- SECTOR DE produtores/as de carne de vacún.
- SECTOR DE vitivinicultores/as.
 - SECTOR DE produtores/as de produtos vexetais.

- SECTOR DE produtores/as de pataca.

Artigo 41º.-

Os Sectores constituídos a nivel nacional terán capacidade, seguindo as directrices da DN do SLG, para:

- 1.- Planificar e executar a negociación de contratos homologados.
- 2.- Realizar campañas sobre temas relacionados coa situación do sector, así como encontros e xornadas técnicas.

CAPÍTULO 3º.- Dos órganos nacionais.

Artigo 42º.-

a) Son órganos de representación e goberno do SLG a Nivel Nacional:

- 1.- O Congreso.
- 2.- A Dirección Nacional.
- 3.- A Executiva Nacional.
- 4.- A Secretaría Xeral.

b) Son órganos de seguimento, análise e traballo, do SLG a Nivel Nacional:

- 1.- O Encontro Anual

Sección 1ª.- Do Congreso.

Artigo 43º.-

O Congreso do SLG é órgano de decisión máximo e soberano do SLG. Os seus acordos son inapelábeis.

Artigo 44º.-

O Congreso será convocado con carácter ordinario cada 4 anos pola DN. A convocatoria farase con catro meses de antelación como mínimo á data de celebración do Pleno e o funcionamento do mesmo axustarase ao regulamento que aproba, xunto coa convocatoria, a DN.

Artigo 45º.-

Son competencias do Congreso:

- 1.- Aprobar e modificar os estatutos e a base programática.
- 2.- Definir a política sindical do SLG.
- 3.- Elixir 15 membros da DN.
- 4.- Analizar a xestión dos órganos nacionais
- 5.- Coñecer das cuestións que legal ou estatutariamente se lle atribúan.
- 6.- Adopción de acordos por maioría simple, agás aqueles casos en que os Estatutos esixan maioría cualificada.

Artigo 46º.-

A elección dos/das membros da DN que lle corresponden ao Congreso será polo procedemento de listas pechadas e distribución proporcional directa aos votos obtidos por cada lista. Cada lista estará composta por 15 titulares e 5 suplentes, con alternancia de xénero posto a posto. As vacantes que se produzan no futuro serán cubertas polo/a seguinte da mesma lista.

Artigo 47º.-

O Pleno do Congreso, ordinario ou extraordinario, será presidido pola DN ou organismo en quen delegue. Xuntarase en primeira convocatoria á hora que estivera prefixada, e tense por constituído en segunda convocatoria media hora despois, sexa cal for o número de delegados/as presentes.

Artigo 48º.-

O Congreso extraordinario será convocado cando:

- 1- o solicite 1/3 da afiliación;
- 2- o solicite a maioría da DN do SLG. Non poderán utilizarse dúas vías ao mesmo tempo.

A convocatoria do Congreso extraordinario deberá facerse cun mes de antelación como mínimo e só poderá tratar e pronunciarse sobre os temas obxecto do mesmo.

Sección 2ª.- A Dirección Nacional.

Artigo 49º.-

A Dirección Nacional (DN) é o máximo órgano de decisión do sindicato entre Congresos.

1.- A DN está constituída por: a) Quince membros elixidos/as no congreso segundo o establecido no artigo 48 dos presentes estatutos. b) Os representantes das Asembleas Comarcais constituídas segundo o baremo de representación que a DN estableza, en función do número de afiliados/as. En todo caso a representación emanada de cada comarca será paritaria en canto ao número de homes e mulleres. Os postos da Dirección Nacional electos nas comarcas, que correspondan a cada xénero e non sexan ocupados, ficarán vacantes ate que poidan ser asignados. c) “A Responsábel e Vicerresponsábel da Secretaría da Muller, a/o Responsábel e Vicerresponsábel da Secretaría da Mocidade, a/o Responsábel e Vicerresponsábel da Secretaría das Persoas Xubiladas e a/o responsábel e Vicerresponsábel da Secretaría de Agroecoloxía”. d) O/a responsábel e o/a vicerresponsábel de cada un dos sectores constituídos.

2.- Os/as representantes das Asembleas Comarcais serán elixidos/as con anterioridade á celebración do congreso, de acordo ao calendario fixado pola DN 3.- No caso de que o/a Representante Sectorial ou Comarcal xa fora membro da DN, será substituído/a por outra persoa elixida no seu Consello Comarcal ou na súa Dirección de Sector. 4.- No período entre congresos, no caso de producirse baixas nos/as membros da DN, serán propostas, dende o órgano do que proceden (comarcais, transversais, sectoriais e nacionais), as persoas que deben ocupar as

vacantes xurdidas.

Artigo 50º.-

Das xuntanzas da Dirección Nacional.

- 1.- A DN reunirase en sesión ordinaria tres veces ao ano mediante convocatoria feita polo/a Secretario/a Xeral, e en sesión extraordinaria por convocatoria feita polo/a mesmo/a ou a proposta dun terzo dos/das seus membros.
- 2.- Os acordos adoptaranse por maioría simple dos/as membros presentes, salvo nos casos en que os presentes estatutos esixan unha maioría superior.

Artigo 51º.-

Das funcións da DN.

- 1.- Aprobar as Contas Anuais do SLG.
- 2.- Aprobar o Orzamento anual de Ingresos e Gastos do Sindicato.
- 3.- Executar os acordos e directrices emanados do Congreso.
- 4.- Interpretar os estatutos do SLG, e o regulamento de Congreso.
- 5.- Dirixir a organización sindical segundo as resolucións do Congreso.
- 6.- Fixar a contía das cotas dos/das afiliados/as.
- 7.- Definir as liñas xerais de actuación sindical e de relacións con outras organizacións, agrarias ou non.
- 8.- Decidir sobre peticións colectivas de afiliación.
- 9.- Nomear comisións para os asuntos que se considere necesarios.
- 10.- Examinar a xestión da Executiva Nacional e do/da Secretario/a Xeral.
- 11.- Dirixir a publicación do voceiro do SLG.
- 12.- Nomear á Executiva Nacional e ao/á Secretario/a Xeral e aos/ás distintos/as secretarios/as que se nomeen.
- 13.- Definir os criterios laborais e retributivos do persoal ao servizo do SLG . A estes efectos, poderá elaborar un estatuto do persoal ao que se fai referencia nos artigos 77 e 78 dos presentes estatutos.
- 14.- Aprobar as propostas feitas polos CC para Coordinadores/as Comarcais.
- 15.- En xeral cantas cuestións sexan necesarias para o cumprimento dos fins do sindicato.
- 16.- Aprobar a xestión económica e liquidación de contas.
- 17.- Analizar a xestión dos órganos nacionais.
- 18.- Aprobación e sanción do Regulamento de Réxime Interno do SLG.

Sección 3ª.- A Executiva Nacional.

Artigo 52º.-

A Executiva Nacional (EN) será elixida pola DN de entre os/as seus membros e estará constituída por un número por un máximo de 14 persoas, sendo paritaria en canto ao número de homes e mulleres que a compoñen.

A DN poderá incluír na EN, con voz e sen voto, ás persoas que considere necesarias para o seu traballo, dentro do cadro de persoal de libre disposición do SLG. Ten as seguintes funcións:

- 1.- Representación e xestión ordinaria do SLG entre xuntanzas da DN.
- 2.- Dirixir as relacións Exteriores e interiores, de acordo coas directrices da DN.
- 3.- Impulsar a organización do SLG a todos os niveis.
- 4.- Elaborar programas de formación, dirixir a actividade formativa, técnica e de asesoramento.
- 5.- Coordinación de todos os órganos da Organización Sindical para garantir o seu funcionamento harmónico.
- 6.- Presentar á DN as propostas que considere de interese.
- 7.- Decidir sobre as cuestións urxentes que se presenten entre dúas reunións da DN.
- 8.- Atender aqueles temas relacionados cos medios de comunicación, propaganda e axitación.
- 9.- Facer un seguimento da contratación homologada.
- 10.- Facer un seguimento das relacións coas institucións e levar a cabo as tarefas que se deriven deso e nomear aos/ás representantes nas institucións.
- 11.- Elixir aos/as membros das comisións de apoio ás distintas Secretarías.
- 12.- A Executiva Nacional exercerá solidariamente a representación xurídica, económica e legal do SLG, delegando no/a Secretario/a Xeral estas facultades aos efectos de outorgamento de poderes.
- 13.- Acordar transferencias entre os organismos do SLG.
- 14.- Xestionar as finanzas nacionais, inspeccionar a contabilidade, así como a mecánica de cobros e pagos e presentar á DN o balance anual, a conta de resultados e a proposta de orzamentos.
- 15.- Realizar estudos periódicos da situación económica e financeira do SLG, controlando a execución do orzamento anual do sindicato. En función desa marcha realizar propostas de redistribución orzamentaria para a súa aprobación pola DN ou a EN segundo corresponda.
- 16.- Elaborar o "Fouce" e todo o material de difusión do SLG.
- 17.- Tódolos asuntos organizativos e de relacións con outras organizacións.

- 18.- Establecer os criterios para a contratación do persoal ao servizo do SLG, realizar a selección de persoal e aprobar as súas retribucións.
- 19.- Resolver todas as cuestións relativas aos recursos humanos do SLG, buscando a formación permanente e a integración dos mesmos na vida sindical.
- 20.- Facer seguimento do labor do persoal ao servizo do SLG.
- 21.- Autorizar a sinatura de avais e créditos ante institucións públicas ou entidades privadas, e operacións financeiras semellantes para o SLG.
- 22.- As que lle sexan delegadas pola DN.
- 23.- Todas as demais funcións que non estean expresamente outorgadas á DN.

Artigo 52º bis.-

Dos Grupos de Traballo.

- 1.- A Executiva Nacional poderá crear Grupos de Traballo por áreas que a apoiem nas tarefas a desempeñar.
- 2.- A EN poderá encomendarlle os cometidos que considere necesario.
- 3.- Poderán formar parte dos Grupos de Traballo as persoas membro dos distintos órganos do SLG (Dirección Nacional, Consellos Comarcais, Direccións Sectoriais, distintas Secretarías), que decida a E.N.. En todo caso, deberán formar parte do grupo, como mínimo, unha persoa da Executiva Nacional e unha persoa nas funcións de coordinación e dinamización”.
- 4. Poderá formar parte dos Grupos de Traballo o persoal asalariado e colaborador que decida a E.N.”.

Artigo 53º.-

A EN reunirase en sesión ordinaria tres veces por trimestre, por convocatoria do/a Secretario/a Xeral ou cando o soliciten a terceira parte das persoas que a conforman, e con carácter extraordinario cando se considere oportuno, por eses mesmos mecanismos. Sección 4ª.- A Secretaría Xeral.

Artigo 54º.-

O/A Secretario/a Xeral é o/a representante público do SLG. É elixido/a e revocado/a pola DN de entre os/as seus/súas membros por maioría absoluta dos/as presentes, respondendo ante esta das súas actividades. O/a Secretario/a Xeral é membro de pleno dereito da DN e da EN.

Artigo 55º.-

O/a Secretario/a Xeral ten as seguintes funcións:

- 1.- Ostentar a representación permanente do SLG.
- 2.- Portavoz nacional do Sindicato.
- 3.- Asinar contratos e convenios en nome do SLG.

4.- Asinar en nome do SLG créditos e préstamos para a organización con entidades financeiras, e os avais esixidos pola Administración Pública ou entidades privadas para programas de formación e outros.

5.- Outorgar poderes de representación xurídica, organizativa, institucional, económica e legal segundo os criterios da EN.

Sección 5ª.- O Encontro Intermedio.

Artigo 56º.-

“a) O Encontro Intermedio é un espazo de encontro e posta en común dos distintos órganos nacionais e comarcais, tanto transversais como sectoriais, do SLG.

b) Convocarase anualmente de xeito ordinario, no período entre congresos. Cando así o decida a D.N.

c) Dos/as participantes.

Poderán participar neste encontro anual con voz e con voto as persoas membro dos seguintes órganos:

- Dirección nacional.
- Consellos Comarcais.
- Executiva nacional.
- Direccións sectoriais.
- Secretaría das Mulleres.
- Secretaría da Mocidade.
- Secretaría das Persoas Xubiladas.
- Secretaría de Agroecoloxía.
- Coordinadores/as comarcais e sectoriais

Así mesmo poderán asistir calquera persoa afiliada que o solicite e que teña as cotizacións ó día.

Podendo convidar a calquera persoa que se considere relevante para a consecución dos obxectivos do Encontro.

Artigo 57º.-

“Son obxectivos do Encontro Intermedio:

- 1.- Seguimento das liñas de acción sindical.
- 2.- Análise da xestión dos órganos nacionais, sectoriais e territoriais.
- 3.- Trasladar propostas de actuación á Dirección Nacional”.

Artigo 58º.-

Incompatibilidades dos/as cargos do SLG.

1.- O desempeño de determinados cargos ou responsabilidades no SLG implica, ademais do definido especificamente para cada un deles, a aceptación en particular das incompatibilidades que a continuación se regulan:

2.- Os cargos de Secretario/a Xeral, titulares das Secretarías que se creen, Coordinador/a Comarcal, membro da Executiva Nacional e Persoal de Libre disposición terán as seguintes incompatibilidades: a) Ostentar cargo de representación pública ou institucional de partidos políticos. b) Cargo de libre designación en calquera administración pública. c) Participar en calquera nivel e clase de xerarquía das distintas confesións relixiosas. d) Exercer calquera cargo ou responsabilidade de representación ao servizo de empresas ou asociacións empresariais. e) Estar vinculado/a a unha empresa mediante contratos especiais de alta dirección ou modalidades asimiladas. f) Figurar en listas electorais dos partidos políticos ou candidaturas independentes.

TÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 59º.-

Os recursos económicos do SLG poderán estar constituídos por:

- 1.- As cotas dos/as afiliados/as.
- 2.- Os donativos e legados en favor do Sindicato.
- 3.- As vendas de bens e valores.
- 4.- Os ingresos por vendas de publicacións.
- 5.- O patrimonio acumulado ao longo da súa xestión.
- 6.- Os ingresos por prestación de servizos.
- 7.- Os créditos que sexan concedidos ao SLG.
- 8.- As subvencións que lle sexan concedidas ao sindicato.
- 9.- Calquera outro tipo de bens ou medios obtidos de acordo co establecido nos presentes estatutos.

Artigo 60º.-

Das cotas de afiliación.

- 1.- As cotas dos afiliados e afiliadas serán por casa e mensuais. A súa contía será fixada pola DN, que poderá revisala anualmente, antes de que remate o ano inmediatamente anterior á súa entrada en vigor.
- 2.- As cotas serán cobradas ao traveso das comarcas constituídas. A DN fixará, si se dera o caso, a porcentaxe desas cotas que as Comarcas deberán destinar á caixa nacional.

Artigo 61º.-

Os donativos e legados só poderán ser aceptados a beneficio de inventario.

Artigo 62º.-

Os recursos financeiros do SLG serán administrados polos órganos que estatutariamente corresponda, a través das caixas comarcais e nacional, que serán as únicas para a totalidade dos organismos do SLG.

Artigo 63º.-

A Executiva Nacional xestionará as finanzas da Organización e respecto a estas:

- 1.- Exercerá o control nacional e comarcal das finanzas.
- 2.- Distribuirá e controlará os recursos e achegas que se destinan as comarcas e sectores.
- 3.- Preparar o proxecto anual de orzamentos e facer o balance financeiro ao final do exercicio para a súa aprobación pola DN.
- 4.- Administrará e planificará o patrimonio e a economía do SLG.
- 5.- Elaborará un regulamento interno para o control e xestión das finanzas que someterá á aprobación da DN.

Artigo 64º.-

A EN elaborará os criterios e fixará as datas nas que Comarcas terán que ter remitido os informes de finanzas.

Artigo 65º.-

A DN aprobará un regulamento de finanzas no que determinen as normas para a mellor administración dos fondos do SLG.

Artigo 66º.-

A DN determinará os criterios que considere oportunos para a subministración de información con respecto a situación das contas do SLG ás Comarcas e afiliados/as que o soliciten .

Artigo 67º.-

Calquera afiliado/a poderá ter coñecemento das contas anuais do SLG, previa solicitude por escrito e canalizado polo organismo de dirección mais inmediato ao que pertenza.

Artigo 68º.-

A data de peche contábel será o 31 de decembro de cada exercicio. O Balance e a Conta de Resultados serán aprobadas pola Dirección Nacional dentro do primeiro semestre do ano seguinte ao que se refiran ditas contas. O orzamento de cada exercicio será aprobado pola Dirección Nacional no primeiro semestre do exercicio a que se refira dito orzamento.

TÍTULO V. SÍMBOLOS E VOCEIRO.

Artigo 69º.-

O idioma oficial do SLG é o galego.

Artigo 70º.-

O SLG adopta como seu o Himno Galego e a bandeira nacional galega.

Artigo 71º.-

O emblema do SLG consiste en dúas fouchiñas verdes entrelazadas en vertical, co nome "SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS" á dereita en cor negra.

Artigo 72º.-

O voceiro do SLG é o "FOUCE", cuxa periodicidade e características serán fixadas pola DN.

TÍTULO VI. PERSOAL AO SERVIZO DO SLG.

Artigo 73º.-

Persoal non remunerado.

1.- CARGOS SINDICAIS: Son aqueles/as membros de calquera órgano sindical en calquera dos niveis de representación para o que foran designados. Nese caso, a relación da persoa co SLG considérase asociativa, polo tanto non de carácter laboral. 2.- COLABORADORES/AS: Son aqueles/as que colaboran co SLG ocasionalmente, dun xeito desinteresado e solidario, sexa cal for a actividade que se preste. De acordo ao establecido nestes estatutos, serán invitados/as a participar nas estruturas do CAL, reguladas nestes estatutos. Tampouco nestes supostos existe relación laboral algunha.

Artigo 74º.-

Persoal remunerado.

1.- PERSOAL DE LIBRE DISPOSICIÓN: Son aquelas persoas dedicadas a tarefas sindicais do SLG. Neste nivel ten especial relevancia a confianza e recíproca lealdade á liña sindical do SLG. A súa perda ou inexistencia orixinará o cesamento de funcións, extinguíndose a relación sen que proceda indemnización algunha que non sexa a estritamente laboral. Dada a especial relación dos/das liberados/as co SLG e as funcións a desenvolver, non poderán figurar en listas electorais. 2.- PERSOAL TÉCNICO E/OU ADMINISTRATIVO: Son aqueles/as que traballan permanentemente ao servizo do SLG en tarefas como as de administrativo/a, técnico/a ou auxiliares, sen que leve concretamente aparelhada algunha responsabilidade sindical. Esta relación é laboral a todos os efectos.

TÍTULO VII REPRESENTACIÓN E APODERAMENTO.

Artigo 75º.-

A Executiva Nacional, como organismo de representación do SLG terá as seguintes competencias de representación en nome da organización, cuxa representación persoal corresponderá ao/a Secretario/a Xeral, como norma podendo apoderarse a outras persoas previo acordo do citado órgano:

- 1.- Tomar parte en concursos e poxas, facendo propostas e aceptando adxudicacións. Aceptar, aprobar ou impugnar herdanzas; entregar ou recibir legados; aceptar, liquidar ou extinguir fideicomisos; pagar, cobrar, fixar, garantir e depositar lexítimas ou renunciar ás súas garantías legais; facer ou aceptar donativos; dividir bens comúns; outorgar contratos de traspaso de locais; retirar e remitir xéneros, remesas e xiros; retirar e levar correspondencia de calquera caste.
- 2.- Operar con caixas de aforros, bancos ou calquera entidade financeira, facendo todo canto a lexislación e practica bancaria permiten. Seguir, abrir e cancelar contas correntes, contas de aforro ou contas de crédito. Librar, aceptar, avalar, endosar, cobrar, intervir e negociar letras de cambio e outros efectivos.
- 3.- Mercar, vender, trocar ou peñar valores e cobrar os seus intereses, dividendos e amortizacións; concertar pólizas de crédito con entidades bancarias e as súas sucursais, asinando os oportunos documentos; modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivos ou valores, provisionais ou definitivos.
- 4.- Afianzar operacións mercantís, singularmente os créditos que calquera entidade financeira, caixa de aforros ou banco, conceda ao SLG.
- 5.- Instar actas notariais de todo tipo; promover e seguir expedientes de dominio de liberación de cargas; solicitar asentamentos en rexistros da propiedade e mercantís; facer, aceptar e contestar notificacións e requirimentos notariais.
- 6.- Comparecer ante centros e organismos estatais, nacionais, provinciais, comarcais ou locais; xuíces, tribunais, fiscalías, sindicatos, delegacións, comités, xuntas, xurados e comisións; e neles instar, seguir e rematar como actor ou demandado ou calquera outro concepto toda clase de expedientes, xuízos e procedementos civís, penais, administrativos, contencioso - administrativos, gobernamentais ou laborais de tódolos grados, xurisdicións ou instancias, elevando peticións ou exercendo accións legais en calquera procedemento, tramite e recurso, incluso de casación; e prestar, cando se requira, a ratificación persoal.
- 7.- Administrar nos mais amplos termos bens mobles e inmoables, facer declaracións de edificación

e plantación ou deslindes, amolloamentos, agrupacións ou segregacións. Recoñecer débedas e aceptar créditos; facer efectivos libramentos; dar ou aceptar bens como xeito de pago; outorgar taxacións, compromisos, renunciacións.

8.- Avalar e afianzar, comprar, vender, retraer, permutar pura ou condicionalmente, con prezo confesado, aprazado ou pagado ao contado, toda clase de bens inmobles, dereitos reais e persoais.

9.- Constituír, aceptar, dividir, allear, gravar, redimir e extinguir usufrutos, servidumes, censos, arrendamentos inscribíbeis e demais dereitos reais, exercitando tódalas facultades derivadas dos mesmos, entre elas, cobrar pensións e laudos, asinar por dominio, autorizar traspasos e cobrar a participación legal dos mesmos, constituír, aceptar, modificar, adquirir, allear, pospoñer e cancelar, total ou parcialmente, antes ou despois do seu vencemento, cumprirse ou non a obriga asegurada, hipotecas, prendas, prohibicións, condicións de toda caste de limitacións ou garantías. Contratar activa ou pasivamente rendas, pensións ou prestacións periódicas, temporais ou vitalicias e a súa aseguranza real.

10.- Comparecer ante os organismos da administración de Traballo, delegacións de Traballo, SMAC, Dirección Xeral de Traballo, Xulgados do Social, Tribunal Supremo, Tribunal Superior de Galiza, e neles instar, seguir e rematar como actor ou como demandado, ou en calquera outro concepto, toda caste de expedientes, xuízos e procedementos, elevando peticións, exercendo accións e excepcións, tramites e recursos, incluso o de casación.

11.- Comparecer ante calquera organismo público dependente do Goberno do Estado ou da Xunta de Galiza.

12.- Participar en calquera procedemento ou tramite relacionado co exercicio do dereito de manifestación ou de reunión.

Artigo 76º-

O/A representante público de calquera comarca será o/a coordinador/a comarcal e, no seu nivel de representación contará co poder necesario para as funcións que contemplan os presentes estatutos no ámbito territorial, entre as que corresponde abrir contas bancarias a nome do SLG (especificando na titularidade a comarca que a utiliza) e dar poder de representación a calquera membro do consello comarcal ao que pertenza.

Artigo 77º-

Toda/o membro con representación ou poder a calquera nivel, será provisto dunha copia legalizada dos presentes estatutos, que servirá como documento a tal fin e a todos os efectos.



TÍTULO VIII DAS MODIFICACI3NS ORGÁNICAS.

Artigo 78º.-

No caso de disoluci3n, a mesma so poder3 acordarse nun Congreso convocado ao efecto, por maioría de 2/3 das persoas que exerzan o voto entre as asistentes. A fusi3n ou a integraci3n nunha nova organizaci3n sindical s3 poder3 acordarse en congreso ordinario por maioría de 2/3 das persoas que exerzan o voto entre as asistentes.

DISPOSICI3NS FINAIS

Única:

A interpretaci3n dos presentes estatutos entre Congreso e Congreso corresponder3, exclusivamente, 3 Direcci3n Nacional do SINDICATO LABREGO GALEGO-COMISI3NS LABREGAS.